



CONCELLO DE BARBADÁS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 12 DE XUÑO DE 2019.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (PP)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (PP)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D^a MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D.^a SANTIAGO GONZÁLEZ PEITEADO (DO)

D.^a SERAFINA VARELAS VIEIRIA (DO)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Secretaria

D^a SILVIA ALONSO FERNÁNDEZ

Ausentes:

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.

No salón de Plenos da Casa do concello de Barbadás, sendo as 13:00 horas do día 12 de XUÑO de 2019 reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.





PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Bos días a todos e a todas, benvidos a este Pleno en principio de peche de legislatura no que vamos a debater e a tratar e pechar as actas que están aquí relacionadas que tedes na convocatoria e antes de nada quero dar as grazas a todos e a todas polo traballo realizado ao longo destes catros anos, evidentemente dentro do ámbito político hai disensións, e discrepancias hai debate pero hai traballo tamén detrás de todo iso, e polo tanto eu creo que é, eu creo que falo no nome ou podo falar neste caso no nome de todos os veciños e veciñas de Barbadás de trasladar ese agradecemento pola labor feita ao longo catros anos, que en moitos supón un sacrificio e esforzo persoal importante, e que debe ser valorado, insisto independentemente do que é a discrepancia, o disenso, e tamén en moitas veces con consenso e acordos que iso é o máis importante, e trasladar de novo as grazas, especialmente ás persoas, os concelleiros e concelleiras que se van neste caso Marabú, Manuel, Miriram, Santi, Ánxela, Xosé Manoel, Adrián, grazas a todos polo esforzo pola dedicación, pola comprensión, e nada máis, simplemente grazas que é a mellor palabra que se pode dicir, así creo que somos todos merecentes dun aplauso nesta ocasión por ese traballo, se o queredes claro.

Agora entramos na orde do día e aplaudirnos a nós mesmos é certo pero creo que ..., entón agora está por aprobar as actas do 6 de maio, do 29 de abril, do 1 de abril, do 11 de marzo, e do 4 de febreiro, se hai algunha consideración que facer, ou algunha rectificación estamos nese momento e senón a hai pasamos a votación. Hai algunha consideración-

O sr. Fernández toma a palabra (PP): Simplemente é un erro de transcripción están todas as actas en principio correctas dende o noso punto de vista, agás a do 29 de abril que figura de na primeira folla que figura como acta de sesión ordinaria cando era extraordinaria, si despois no que é no contido xeral da propia acta se desprende que é extraordinaria.

O sr. Alcalde toma a palabra: Algunha cuestión máis, polo tanto, pasamos a votación. Votos a favor destas actas introducida esa modificación





CONCELLO DE BARBADÁS

A Sra. Secretaria toma a palabra: Unanimidade.

O sr. Alcalde toma a palabra: Unanimidade, pois queda pechada a sesión.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade as actas do 6 de maio, do 29 de abril, do 1 de abril, do 11 de marzo, e do 4 de febreiro de 2019.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as horas 13:10 horas no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE A MARXE

